



## INFORME CADRO DE PERSOAL ANO 2016

En relación ao cadro de persoal para o ano 2016 que xunto acompaña aos orzamentos para a súa aprobación polo Excmo. Concello en Pleno, por parte da que subscribe procede informar o seguinte:

Segundo o artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través dos orzamentos, a plantilla de persoal, que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As plantillas deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse dacordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan rebaisar os límites que se fixen con carácter xeral.

Esta disposición vese completada polo artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, segundo o cual as plantillas deben conter tódolos postos de traballo debidamente clasificados, tanto os reservados a funcionarios de carreira como os de persoal laboral e eventual. De igual forma, as plantillas teñen que aprobarse anualmente, con ocasión da aprobación dos orzamentos e teñen que conter os principios antes enunciados. A eles teñen que unirse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos do cumprimento destes principios. A plantilla obxeto deste informe non se axusta á distribución do persoal no Concello.

A Lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública, establece que as plantillas dos diferentes corpos e escalas da Administración do Estado, así como as do persoal laboral, serán as que resulten dos créditos establecidos na Lei de Orzamentos. As plantillas e postos de traballo de todo o persoal da Administración Local, se fixarán anualmente a través dos orzamentos.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público omite toda referencia ao concepto de plantilla, aínda cando o seu artigo 73.3 sinala que os postos de traballo poden agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e a mobilidade.

Na orde xurisprudencial, sentencias como a da Sala Terceira do Contencioso Administrativo de 17 de xullo de 2012 rec.3547/2011 "es asimismo necesario resaltar la distinta naturaleza y funcionalidad que la sentencia recurrida atribuye a la plantilla y a la relación de puestos de trabajo, pues ciertamente, al contener regulaciones de carácter presupuestario, el cumplimiento de las



exigencias contenidas en el art.126.1 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales Vigentes en materia de Régimen Local, es predicable de la plantilla pero no de la RPT". "La conexión entre plantilla y presupuesto, dispuesta por la LRBRL (art.90) y el TRRL (arts.126 y 127), responde a la finalidad de que todos los puestos de trabajo de la Entidad Local cuenten con la correspondiente dotación presupuestaria que permita la viabilidad económica de los mismos; y esta finalidad, en el caso litigioso, ha de considerarse alcanzada desde el momento en que hubo simultaneidad en la aprobación de la Plantilla y la aprobación provisional del Presupuesto y, posteriormente, ésta última quedó definitivamente aprobada por no haber sido estimadas las alegaciones que fueron presentadas"

Os conceptos de RPT e plantilla, aínda diferentes, están estrechamente relacionados se temos en conta que non cabe articular unha determinada estrutura organizativa de postos de traballo sen ter a base subxetiva definida pola pertenza á plantilla de persoal ao servizo da Administración, a fin de que se atopen habilitados os créditos necesarios no orzamento para facer fronte as súas retribucións. Polo tanto e se ben é verdade que a RPT é imprescindible para que a Administración poida exercer o seu poder de organización, non o é menos que a devandita RPT debe ter unha base na plantilla.

A diferenciación entre ambas, plantilla e relación de postos de traballo, ven sinalada tamén pola doutrina (Pérez Luque, "Algunos aspectos de la estructura de personal en la Administración Local", Revista El Consultor de los Ayuntamientos) distinguiendo entre o subxetivo ( a plantilla) e o obxetivo (a RPT), pois mentras que a plantilla responde a unha visión subxetiva do persoal funcionario na que este aparece agrupado nos diferentes corpos, escalas, subescalas e grupos ou categorías profesionais no caso do persoal laboral; polo contrario, a relación de postos de traballo supón unha obxetivización das funcións dentro da organización interna da Administración Pública, e é o deseño ideal das necesidades de persoal que teña éste, pois comprende tanto as prazas ocupadas como as futuras e os prazos previstos de provisión.

A LRBRL (Título X) nos municipios de gran poboación, atribue a aprobación da plantilla ao Pleno e as Relacións de Postos de Traballo á Xunta de Goberno Local.

Ata o día da data, todas as prazas dos empregados públicos do Concello, funcionarios de carreira, interinos, laborais fixos ou indefinidos e eventuais se atopan na plantilla de persoal coa conseguente dotación orzamentaria e sometidas previamente á Mesa Xeral de Negociación e posteriormente a aprobación do Concello en Pleno co preceptivo informe do Servicio de Persoal e posterior publicación no BOP. Non hai ningunha praza vacante que se houbera provisto nos últimos anos, sen que previamente figurara na correspondente plantilla con dotación orzamentaria e sometida á Mesa Xeral de Negociación tal e como a



continuación se acredita con todas as actas das Mesas Negociadoras, Acordos Plenarios e publicación no BOP tomando como referencia o ano 2007 (aínda que no servizo de persoal se atopan igualmente os expedientes anteriores):

**PLANTILLA ANO 2007**

- Mesa Negociadora: 20.11.2006
- Informe Persoal do 21.11.2006 (folios 100 a 102)
- Acordo Plenario nº 3/94 do 29.11.2006
- Publicación no BOP de Lugo do 29.12.2006

**PLANTILLA ANO 2008**

- Mesa Negociadora: 21.09.2007 – 15.11.2007 – 16.11.2007
- Informe Persoal do 3.12.2007 (folios 158 a 159)
- Acordo Plenario nº 3/118 do 14.12.2007
- Publicación no BOP de Lugo do 25.01.2008

**PLANTILLA ANO 2009**

- Mesa Negociadora: 14.10.2008 – 22.10.2008
- Informe Persoal do 24.10.2008 (folios 117 a 118)
- Acordo Plenario nº 1/160 do 10.11.2008 (aprobación provisional) e Acordo Plenario nº 8/182 do 23.12.2008 (resolución de alegacións e aprobación definitiva)
- Publicación no BOP de Lugo do 31.12.2008

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**PLANTILLA ANO 2011**

- Mesa Negociadora: 30.11.2010
- Informe Persoal do 1.12.2010 (folios 164 a 165)
- Acordo Plenario nº 6/141 do 13.12.2010
- Publicación no BOP de Lugo do 21.01.2011

**PLANTILLA ANO 2012**

- Mesa Negociadora: 14.12.2011
- Informe Persoal do 16.12.2011 (folios 223 a 224)
- Acordo Plenario nº 4/144 do 28.12.2011 (aprobación provisional) e Acordo Plenario nº 10/10 do 6.02.2012 (resolución de alegacións e aprobación definitiva)
- Publicación no BOP de Lugo do 11.02.2012



#### PLANTILLA ANO 2013

- Mesa Negociadora: 11.12.2012
- Informe Persoal do 12.12.2012 (folio 123)
- Acordo Plenario nº 6/157 do 26.12.2012
- Publicación no BOP de Lugo do 29.01.2013

#### PLANTILLA ANO 2014

- Mesa Negociadora: 9.12.2013
- Informe Persoal do 12.12.2013 (folio 91)
- Acordo Plenario nº 3/187 do 30.12.2013 (orçamento rexeitado)

#### PLANTILLA ANO 2015

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orçamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

Creación de 2 prazas de Educador/a Social no cadro de persoal funcionario (execución de sentenza):

- Informe- proposta Persoal do 11.03.2015 (folios 54 a 55)
- Acordo Plenario nº 8/33 do 06.04.2015
- Publicación no BOP de Lugo do 8.08.2015

Modificación do cadro de persoal eventual por acordos núm. 3/454 e 7/553, adoptados en sesións extraordinaria do 7.07.2015, e ordinaria do 5.08.2015, respectivamente, pola Xunta de Goberno Local, polo que se aproba a determinación, número e características do persoal eventual da Corporación Municipal 2015.

Pola súa parte, as relacións de postos de traballo se configuran como básicas e esenciais para unha axeitada planificación en materia de recursos humanos. Por parte da que subscribe se considera necesaria unha reorganización en varios departamentos municipais, entre eles, na área económica (como xa se ten posto de manifesto en reiterados informes) pola repercusión que neste momento esta tendo a dilación na tramitación de expedientes e a súa repercusión no resto dos servizos municipais.

De acordo co artigo 133 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, na xestión económica financeira se separarán as funcións de contabilidade e de fiscalización, da xestión económica financeira. As funcións de presupostación, contabilidade, tesourería e recadación serán exercidas polo órgano ou órganos que se determinen no Regulamento Orgánico Municipal. O titular ou titulares do



devandito órgano ou órganos deberá ser un funcionario de Administración Local, salvo o órgano que desenvolva as funcións de presupostación.

O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Lugo separa as funcións de control e fiscalización interna que corresponde á Intervención Xeral (artigos 52 e 53) das funcións de contabilidade, tesourería e recadación que corresponde á tesoureira municipal como titular do Órgano de Xestión Económico Financeiro (artigos 62 a 66).

Dentro dos órganos de xestión económico financeira e orzamentaria a citada disposición separa:

- a) O órgano da xestión orzamentaria ó que corresponderá a función de elaboración de orzamentos.
- b) O órgano de xestión económico financeira, ó que corresponderá as funcións de contabilidade, tesourería e recadación.

Visto o anterior, é a o órgano de xestión orzamentaria ó que corresponderá a función de elaboración de orzamentos. Ten que ser un órgano independente tanto da Intervención Xeral como do órgano de xestión económico financeira. No cadro de persoal do ano 2016 como xa se atopa no do ano 2015, figura vacante un posto de Vicesoureiro que a día da data non se procedeu a súa cobertura.

O pasado mes de outubro publicáronse no Boletín Oficial do Estado as Leis 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Do que se desprende da primeira destas normas, cuxa entrada en vigor será ao ano da súa publicación no BOE, é que esta Lei pretende implantar unha Administración totalmente electrónica, interconectada e transparente, mellorando a axilidade dos procedementos administrativos e reducindo os tempos de tramitación. O dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, así como a obriga de éstas de dotarse dos medios e sistemas necesarios para que ese dereito poida exercitarse. A Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico para mellorar a eficacia e eficiencia aforrando costes aos cidadáns e empresas e reforzando as garantías aos interesados.

Entre outras cuestións, a Lei dipón a obriga de tódalas Administracións Públicas de contar cun rexistro electrónico xeral, ou no seu caso, adherirse ao da Administración Xeral do Estado.

En materia de arquivos se introduce como novidade a obriga de cada Administración Pública de manter un arquivo electrónico único dos documentos que correspondan aos procedementos finalizados.

As Administracións Públicas terán a obriga de contar cun rexistro u outro sistema equivalente que permita deixar constancia dos funcionarios habilitados para a realización de copias autenticadas. Funcionarios dedicados a asistir aos interesados no uso dos medios electrónicos.

Á vista do todo o anterior, está claro o importante papel que neste ámbito vai ter o servizo de informática, o que esixe realmente unha planificación e estudo de



necesidades dado que, como xa se indicou en parágrafos precedentes, no mes de outubro deste ano, o Concello ten que estar a cumprir o disposto na Lei 39/2015.

Continuando co informado anteriormente, é preciso un análise, descripción e valoración de postos de traballo, elaboración dunha RPT ou instrumento organizativo similar. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 90.2 prevé que as Entidades Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ao Estado establecer as normas con arreglo as cuales se confeccionen as RPT, as descripción dos postos de traballo tipo e as condicións requeridas para a súa creación. O artigo 126.4 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local establece que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e se confeccionarán con arreglo ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

As relacións de postos de traballo é o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan, nos mesmos, os requisitos de desempeño de cada posto, así como as súas características retributivas. Neste senso, o Concello de Lugo non pode seguir sen contar cunha RPT actualizada. Plantilla e Relación de Postos de Traballo son necesarias para poder levar a cabo unha boa ordenación e xestión dos recursos humanos das Administracións Públicas. As plantillas orgánicas forman parte integrante e fundamental dos orzamentos xerais da Corporación local, pero a mesma importancia ten a relación de postos de traballo e o reparto dos empregados públicos nos distintos postos, unha vez clasificados e aprobados mediante sistemas ordinarios de provisión de postos, algo que actualmente carece o Concello de Lugo e co que necesariamente ten que contar.

Noutro orden de cousas, e polo que se refire aos funcionarios interinos, segundo o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia son nomeados como tales para o desenvolvemento de funcións propias de funcionarios de carreira, cando entre outras exista praza vacante e non sexa posible a súa cobertura por funcionario de carreira. Neste senso se relacionan a continuación todos interinos/as do Concello que están a ocupar unha praza vacante na plantilla, sinalando a plantilla onde figura, a Mesa Xeral de Negociación a que foi sometida, informe do servizo de persoal, aprobación do Concello en Pleno e publicación no BOP:

## **PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO**

**Grupo A1. Escala de Administración Especial. Denominación: Arquitecto/a.**



- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2011 (tras a renuncia presentada por Dona Susana Penedo Souto ó seu nomeamento como funcionaria interina con efectos do 16.06.2011)
- Nomeamento interino por Decreto nº 640/2011, do 20 de xuño de 2011, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 23.06.2011

PLANTILLA ANO 2011

- Mesa Negociadora: 30.11.2010
- Informe Persoal do 1.12.2010 (folios 164 a 165)
- Acordo Plenario nº 6/141 do 13.12.2010
- Publicación no BOP de Lugo do 21.01.2011

**- Grupo A1. Escala de Administración Xeral. Denominación: Técnico/a.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2006
- Nomeamento interino por Decreto nº 796/2006, do 12 de decembro, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 14.12.2006

PLANTILLA ANO 2006

- Mesa Negociadora: 17.11.2005 – 18.11.2005 – 21.11.2005
- Informe Persoal do 23.11.2005 (folios 46 a 48)
- Acordo Plenario nº 1/1296 do 25.11.2005 e Acordo Plenario 3/124 do 1.12.2005
- Publicación no BOP de Lugo do 31.12.2005

**- Grupo C1. Escala de Administración Especial. Denominación: Técnico/a en Xardín de Infancia.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2009
- Nomeamento interino por Decreto nº 1159/2009, de 30 de decembro de 2009, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 04.01.2010

PLANTILLA ANO 2009

- Mesa Negociadora: 14.10.2008 – 22.10.2008
- Informe Persoal do 24.10.2008 (folios 117 a 118)
- Acordo Plenario nº 1/160 do 10.11.2008 (aprobación provisional) e Acordo Plenario nº 8/182 do 23.12.2008 (resolución de alegacións e aprobación definitiva)
- Publicación no BOP de Lugo do 31.12.2008

**- Grupo C1. Escala de Administración Especial. Denominación: Delineante.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015 (vacante dende 12 de marzo de 2015)
- Nomeamento interino por Decreto nº 15004545 do 02/06/2015, obrante no libro de Resolúcións
- Toma de posesión con efectos do 4.06.2015



#### PLANTILLA ANO 2015

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orzamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

#### - Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Oficial Lector/a de Contadores.

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 483/2010, do 20 de maio de 2010, obrante no libro de Resolucións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 24.05.2010

#### PLANTILLA ANO 2010

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

#### - Grupo C2: Escala de Administración Xeral. Denominación: Auxiliar Administrativo/a.

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015 (existindo un total de 9 prazas vacantes de auxiliar administrativo no mencionado cadro de persoal)
- Nomeamento interino por Decreto nº 15001393, do 27 de febreiro de 2015, obrante no libro de Resolucións
- Toma de posesión con efectos do 2.03.2015

#### PLANTILLA ANO 2015

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orzamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

#### - Grupo C2: Escala de Administración Xeral. Denominación: Auxiliar Administrativo/a.

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015 (vacante, por cambio de posto, dende o 23 de novembro de 2015, existindo un total de 9 prazas vacantes de auxiliar administrativo no mencionado cadro de persoal)
- Nomeamento interino por Decreto nº 15009447 do 23/11/2015, obrante no libro de Resolucións
- Toma de posesión con efectos do 24.11.2015

#### PLANTILLA ANO 2015

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)





- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orçamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

**- Grupo C2: Escala de Administración Xeral. Denominación: Auxiliar Administrativo/a.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015 (vacante, por cambio de posto, dende o 23 de novembro de 2015, existindo un total de 9 prazas vacantes de auxiliar administrativo no mencionado cadro de persoal)
- Nomeamento interino por nº 15009448 do 23/11/2015, obrante no libro de Resolucións
- Toma de posesión con efectos do 24.11.2015

**PLANTILLA ANO 2015**

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orçamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 281/2010, do 15 de marzo, obrante no libro de Resolucións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 18.03.2010

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 282/2010, do 15 de marzo, obrante no libro de Resolucións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 18.03.2010

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**



- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 283/2010, do 15 de marzo, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 18.03.2010

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 284/2010, do 15 de marzo, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 18.03.2010

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal do 9.12.2010 (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2011
- Nomeamento interino por Decreto nº 392/2011, do 28 de abril, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 2.05.2011

**PLANTILLA ANO 2011**

- Mesa Negociadora: 30.11.2010
- Informe Persoal do 1.12.2010 (folios 164 a 165)
- Acordo Plenario nº 6/141 do 13.12.2010
- Publicación no BOP de Lugo do 21.01.2011

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Bombeiro/a Conductor.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2011
- Nomeamento interino por Decreto nº 391/2011, do 28 de abril, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 2.05.2011

**PLANTILLA ANO 2011**

- Mesa Negociadora: 30.11.2010
- Informe Persoal do 1.12.2010 (folios 164 a 165)
- Acordo Plenario nº 6/141 do 13.12.2010
- Publicación no BOP de Lugo do 21.01.2011



Concello de Lugo

**- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Denominación: Oficial Sepultureiro/a**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015
- Nomeamento interino por Decreto nº 15002489, do 30/03/2015, obrante no libro de Resolucións
- Toma de posesión con efectos do 6.04.2015

**PLANTILLA ANO 2015**

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orçamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

**- Agrupacións profesionais. Escala de Administración Especial. Denominación: Axudante de Cocíña-Limpeza.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2010
- Nomeamento interino por Decreto nº 1361/2010, do 13 de decembro, obrante no libro de Resolucións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Toma de posesión con efectos do 20.12.2010

**PLANTILLA ANO 2010**

- Mesa Negociadora: 30.10.2009 – 09.11.2009 – 03.12.2009
- Informe Persoal (folios 51 a 54)
- Acordo Plenario nº 7/158 do 28.12.2009
- Publicación no BOP de Lugo do 09.02.2010

**- Agrupacións profesionais. Escala de Administración Especial. Denominación: Celador/a Colexio Público.**

- Vacante no cadro de persoal funcionario para o ano 2015 (vacante por xubilación dende o 6 de agosto de 2015)
- Nomeamento interino por Decreto nº 15006748 do 24/08/2015, obrante no libro de Resolucións
- Toma de posesión con efectos do 1.09.2015

**PLANTILLA ANO 2015**

- Mesa Negociadora: 12.12.2014
- Informe Persoal do 15.12.2014 (folio 163)
- Acordo Plenario nº 2/137 do 29.12.2014 (orçamento rexeitado) .- Aprobación por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/963 do 29.12.2014
- Publicación no BOP de Lugo do 9.02.2015

**PERSOAL LABORAL INTERINO:**

- **Nivel de titulación: Graduado Escolar: Denominación: Oficial Albanel.**
- Vacante no cadro de persoal laboral para o ano 2009



MURALLA

- Contratación por Decreto nº 810/2009, do 22 de setembro, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Data de inicio de contrato 28.09.2009

#### PLANTILLA ANO 2009

- Mesa Negociadora: 14.10.2008 – 22.10.2008
- Informe Persoal do 24.10.2008 (folios 117 a 118)
- Acordo Plenario nº 1/160 do 10.11.2008 (aprobación provisional) e Acordo Plenario nº 8/182 do 23.12.2008 (resolución de alegacións e aprobación definitiva)
- Publicación no BOP de Lugo do 31.12.2008

#### **- Nivel de titulación: Certificado de Escolaridade. Denominación: Auxiliar do Fogar.**

- Vacante no cadro de persoal laboral para o ano 2004
- Contratación por Decreto nº 815/2004, do 20 de decembro, obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Data de inicio de contrato 22.12.2004

#### PLANTILLA ANO 2004

- Mesa Negociadora: 10.12.2003
- Informe Persoal do 15.12.2003 (folios 36 a 38)
- Acordo Plenario nº 7/163 do 29.12.2003
- Informe Persoal relativo a unha rectificación do 13.01.2004 (folios 60 a 61)
- Acordo Plenario nº 3/3 do 2.02.2004
- Publicación no BOP de Lugo do 5.02.2004

#### **- Nivel de titulación: Certificado de Escolaridade. Denominación: 2 Peóns (especialista).**

- Persoal traspasado Xunta de Galicia, con efecto do 1.10.1997 (Contrato de interinidade do 1.08.1995)

#### **- Nivel de titulación: Graduado Escolar. Denominación: 3 Oficiais Maquinistas Fontaneiros**

- Vacantes no cadro de persoal laboral para o ano 2003
- Contratación por Decreto nº 499/2003, do 27 de xuño (rectificado por Decreto 549/2003 do 11 de xullo), obrante no libro de Resolúcións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Data de inicio de contrato 16.07.2003

#### PLANTILLA ANO 2003

- Mesa Negociadora: 22.11.2002 - 10.12.2002 – 12.12.2002 – 8.01.2003
- Informe Persoal do 20.01.2003 (folios 67 a 69)
- Acordo Plenario nº 4/4 do 03.02.2003
- Publicación no BOP de Lugo do 12.03.2003

#### **- Nivel de titulación: Graduado Escolar. Denominación: 1 Oficial Maquinista Fontaneiro**



- Vacante no cadro de persoal laboral para o ano 2004
- Contratación por Decreto nº 300/2004, do 21 de maio, obrante no libro de Resolucións en materia de persoal ao Servizo da Corporación.
- Data de inicio de contrato 22.05.2004

PLANTILLA ANO 2004

- Mesa Negociadora: 10.12.2003
- Informe Persoal do 15.12.2003 (folios 36 a 38)
- Acordo Plenario nº 7/163 do 29.12.2003
- Informe Persoal relativo a unha rectificación do 13.01.2004 (folios 60 a 61)
- Acordo Plenario nº 3/3 do 2.02.2004
- Publicación no BOP de Lugo do 5.02.2004

Destes nomeamentos se da conta á Xunta de Persoal no caso de funcionarios e ao Comité de empresa se é persoal laboral.

A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente celebrada o vinte e tres de decembro de dous mil quince adoptou o acordo de aprobación da oferta de emprego público para o ano 2015, onde figuran tódalas prazas anteriormente referenciadas ocupadas por persoal interino, a excepción de dúas das tres prazas de auxiliar administrativo (no acordo da Xunta de Goberno figura unicamente unha praza desta categoría), e as catro prazas de oficial maquinista fontaneiro.

Dacordo coa Lei 48/2015 de 29 de outubro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxenidade para os dous periodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a antigüidade do mesmo. Isto sen perxuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxetivos fixados ao mesmo.

Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecements retributivos superiores aos fixados anteriormente deberán experimentar a oportuna adecuación, deviniendo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo.

Polo que se refire ás retribucións do persoal laboral ao servizo das entidades locais, a LPGE para o ano 2016 prevé tamén que a masa salarial correspondente a este persoal, se incrementará na porcentaxe máxima do 1 por cento respecto da correspondente a 31 de decembro de 2015.

A disposición adicional duodécima da LPGE para o ano 2016 prevé asimesmo a posibilidade de que cada Administración Pública, no seu ámbito, aprobe dentro do exercicio 2016 e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas dos importes efectivamente deixados de percibir polos empregados



públicos como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Esta medida ten carácter potestativo pero sempre condicionada ao cumprimento dos criterios e procedementos establecidos na Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira. A este respecto enténdese preceptivo o informe do Interventor Xeral Municipal sobre a inclusión da cantidade nos orzamentos municipais e o seu impacto sobre a situación financeira do Concello.

Para o ano 2016, e no que se refire ás limitacións á incorporación de novo persoal, como novidade se introduce unha taxa de reposición de efectivos do 50 por cento, aumentando ata un 100 por cento a certos sectores e administracións considerados prioritarios entre os que se atopa o persoal da policía local e servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, mais sempre que se trate de Entidades Locais que cumpren ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira tanto na liquidación do presuposto do exercicio inmediato anterior como no presuposto vixente. En relación con este último, a Entidade deberá adoptar un Acordo do Pleno ou órgano competente no que se solicite a reposición das prazas vacantes e no que se poña de manifesto que aplicando esta medida non se pon en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.

Visto o anterior, e tamén no correspondente a este punto, será preceptivo o correspondente informe do Interventor Xeral Municipal e o seu sometemento polo Secretario Xeral ao Concello en Pleno para a súa aprobación.

A taxa de reposición exténdese tamén ao 100 por cen no control e loita contra o fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de seguridade social, e de control de asignación eficiente dos recursos públicos, así como respecto ao asesoramento xurídico e a xestión de recursos públicos.

Para o cálculo da taxa de reposición de efectivos, segundo a propia norma, a porcentaxe máxima referida se aplicará sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio presupostario do 2015, deixaron de prestar servizo en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaran aos mesmos no referido exercicio por calquer causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacións que non conleven reserva de postos de traballo. A estes efectos, se computarán os ceses na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda de condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquer outra situación administrativa que



Concello de Lugo

non supoña a reserva do posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

No ano 2015 xubiláronse dúas funcionarias da categoría de administrativa, 4 bombeiros conductores, un celador colexio público, un oficial albanel, un oficial de mantemento, un oficial toma de datos con funcións de ordenanza, dous operarios, un sarxento de bombeiros e un arquitecto. No caso dunha das administrativas e do arquitecto, a primeira era xefa de negociado e o segundo xefe de servizo (posto que sería de cobertura urgente ao non contar o departamento de arquitectura cun xefe/a de servizo). Do mesmo xeito un funcionario da categoría de delineante solicitou a súa excedencia voluntaria e a seguridade social determinou a situación de invalidez, se entende que revisable, a unha auxiliar de policía, un bombeiro conductor e un oficial xardiñeiro.

É importante sinalar que segundo dispón a norma referenciada, non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

O apartado Dous do artigo 20 da LPGE dispón tamén que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais.

É así que, por parte da que subscribe se entende que o Goberno Local debe determinar cales son os sectores, funcións e/ou categorías profesionais que considera prioritarios, ou servizos esenciais ademais do xa incluídos na Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

No cadro de persoal do ano 2015 figuraban na función 13200 Seguridade e Orde Público unha praza de Intendente/a (EF), Inspector principal (EF), Técnico de obras públicas (EF), Tec. Explotaciones sist.informati (2prazas), Técnico medioambiente (EF) (2prazas), Técnico de tráfico (EF), que tras a Mesa Xeral de Negociación do pasado día 7, non figuran no cadro do ano 2016, onde aparecen 8 prazas de policía local D/N, sen que supoña incremento económico a citada variación, sendo preciso proceder, como nos demais postos que figuran na plantilla e non figuran na Relación de Postos de Traballo, a unha modificación desta última por parte da Xunta de Goberno Local.

Neste punto reiteramos a necesidade de modificar a Relación de Postos de Traballo e incluír todas as prazas existentes na plantilla e con dotación orzamentaria.




MURALLA

Por último, segundo o disposto no artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, entre outras a aplicación do incremento nas retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas que se establezca na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das comunidades autónomas, a determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios, as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plan e instrumentos de planificación de recursos humanos.

Este é o meu informe redactado en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, supeditado sempre ao que ao respecto informe o Interventor Xeral Municipal, como órgano de control e fiscalización interna de xestión económica financeira e orzamentaria, segundo o establecido no artigo 136 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local.

Lugo, 14 de marzo de 2016  
A Xefa do Servizo de Persoal



Asdo. Marta López Peña